

XANEIRO 2019

RACHANDO REGRAS!! MALDADES E LIBERACIÓNS

**XANEIRO
07** **DAS SCHWEIGENDE KLASSENZIMMER
(A REVOLUCIÓN SILENCIOSA) de LARS KRAUME
ALEMAÑA 2018; 111' V.O.S.C.**

**XANEIRO
14** **HOTEL SALVATION
(HOTEL SALVACIÓN) de SHUBHASHISH BHUTIANI
INDIA 2016; 102' V.O.S.C.**

**XANEIRO
21** **THOROUGHBREDS
(PURASANGUE) de CORY FINLEY
USA 2017; 90' V.O.S.C.**

**XANEIRO
28** **FILME SORPRESA**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS**

Colaboran:

**CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE
CINECLUBS**

RACHANDO REGRAS!! MALDADES E LIBERACIÓNS

As regras danlles previsibilidade ás relacións sociais, tratamos de xustificalas para evitar situacións de caos e inxustiza. Nalgúns casos, é unha senda que hai que percorrer para evolucionar e aprender. Hai persoas que se rebelan, ás veces de forma pacífica, e outras de xeito máis violento, destrutivo ou inmoral.

Neste ciclo abarcamos diferentes contornas sociais nas que as accións de discrepancia e resistencia teñen tamén, consecuencias diversas.

A revolución silenciosa, un minuto de silencio ao que o director da escola non lle quería dar importancia foi considerado un desafío en toda regra ao réxime. Complexa reflexión política sobre o totalitarismo, a culpabilidade, o compañeirismo, as relacións paternofiliais, o sentimento relixioso, o medo a verdade ou as lealdades excluíntes.

Hotel Salvación, unha inesperada situación serve para que pai e fillo poidan conversar. A relación paternofilial que manteñen está viciada polos pequenos conflitos da vida cotiá, na que tamén se reflicte unha sorte de distancia xeracional.

Purasangue, a pulcritude da contorna encaixa á perfección coa súa clarividencia mental. Dúas mozas, sen apenas pestanexar, destrúen o concepto de clase alta e describen o capricho crecente de aniquilar aquilo que odias, ademais de rachar as normas sociais máis básicas.

XANEIRO

07

Luns ás 20:30h

DAS SCHWEIGENDE KLASSENZIMMER

(A REVOLUCIÓN SILENCIOSA) de LARS KRAUME

ALEMAÑA 2018; 111' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección

e guión: Lars Kraume

Música: Christoph Kaiser

e Julian Maas

Fotografía: Jens Harant

Ficha artística

Jonas Dassler

Judith Engel

Tom Gramenz

Michael Gwisdek

2018: PREMIO AO MELLOR DIRECTOR NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE MUNICH

2018: PREMIO AO MELLOR ACTOR MOZO, JONAS DASSLER, NOS PREMIOS DO CINE BÁVARO

SINOPSE

A partir dos feitos reais descritos na novela autobiográfica de Dietrich Garstka, *The silent classroom*, publicada no 2006. A acción transcorre na dividida Alemaña de 1956, cando o muro aínda non se alzara; dous estudantes exploran secretamente a cara occidental da cidade onde descubren a revolta do pobo húngaro nos noticiarios. A súa loita pola liberdade despertará as simpatías de toda unha clase a punto de graduarse que, en solidariedade cos seus veciños europeos, deciden gardar un minuto de silencio nas aulas en honor ás vítimas, desafiando as doutrinas ideolóxicas do leste.

LARS KRAUME

Director, produtor e guionista nado no 1973 en Italia. Ten dirixido numerosas producións de televisión, mesmo varios episodios da serie de crimes *Tatort* e a súa propia mini-serie de crimes *Dengler*. Iníciase no cine coa curtametraxe *Life Is Too Short to Dance with Ugly Women* (1996). Co seu filme *The People vs. Fritz Bauer* (2015), debuta na longametraxe e foi nomeada a nove premios da academia de cine alemán, acadando seis.

Este é o seu último traballo.

XANEIRO
14
Luns ás 20:30h

HOTEL SALVATION
(HOTEL SALVACIÓN) de SHUBHASHISH BHUTIAN
INDIA 2016; 102' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||
Dirección: Shubhashish Bhutiani
Guión: Shubhashish Bhutiani
e Asad Hussain
Música: Tajdar Junaid
Fotografía: David Huwiler
e Michael McSweeney

Ficha artística

|||||
Adil Hussain
Lalit Behl
Geetanjali Kulkarni
Palomi Ghosh

2018: PREMIOS FILMFARE, PREMIO AO MELLOR GUIÓN
2017: PREMIOS DO CINE NACIONAL DA INDIA, PREMIO ESPECIAL DO XURADO AO MELLOR FILME, E MELLOR ACTOR,
ADIL HUSSAIN

SINOPSE

Nunha estraña e derradeira petición vital, un ancián indio obriga o seu fillo a que deixe o traballo e o acompañe á cidade santa de Benarés para morrer alí. Ante tal demanda, decide embarcarse co seu pai na viaxe

SHUBHASHISH BHUTIAN

Director, actor, montador, guionista e produtor. Nado en Kolkatta, India, en 1991. Crece nunha pequena cidade do Himalaia na India, onde asiste á Escola Woodstock. Despois de estar moi involucrado no teatro, pasou de actuar a escribir e dirixir e marcha a aprender cine na Escola de Artes Visuais de Nova York. O seu filme de tese foi a curtametraxe *Kush*, estreada na 70 edición do Festival de Cine de Venecia, onde acadou o Premio Horizontes e foi seleccionada nos Premios da Academia 2014, nos que acadou numerosos premios ao longo do mundo.

Este filme é o seu debut na longametraxe, tamén, o último traballo como director.

XANEIRO

21

Luns ás 20:30h

THOROUGHBREDS

(PURASANGUE) de CORY FINLEY

USA 2017; 90' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección e

Guión: Cory Finley

Música: Erik Friedlander

Fotografía: Lyle Vincent

Ficha artística

Anya Taylor-Joy

Olivia Cooke

Anton Yelchin

Kaili Vernoff

2017: PREMIO REEL SOCIAL CLUB INDIE NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE

SINOPSE

Dúas mozas reavivan a súa amizade tras vivir anos separadas. No proceso, aprenden que non todo é o que parece e que un asasinato solucionaría moitos dos seus problemas.

CORY FINLEY

Director e guionista estadounidense.

Iníciase no cine con este traballo que ten moito de sátira e comedia negra. O texto ía ser unha obra de teatro pero rematou convertido nun guión cinematográfico. O filme foi estreado no Festival de Sundance de 2017, pasou un ano de festival en festival e chega agora ás salas de cine. Conta tamén coa presenza de Anton Yelchin (*Star Trek*), no que sería o seu último traballo antes do seu prematuro falecemento no 2016.

O guión da curtametraxe *Sauna* (2018) e a longametraxe *Bad Education*, aínda sen rematar son os seus últimos traballos.

XANEIRO

FILME SORPRESA

28

Luns ás 20:30h

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

* Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é ***Comme des garçons*** de Julien Hallard (2018). A proxección será o vindeiro venres 25 de xaneiro, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo.

* Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

* Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

* Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

* O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

| | |
|--------------------------|----------------------|
| Cota anual soci@: | 18 euros |
| Cota filme soci@: | 4 euros |
| Bono Lumière 5 filmes: | 15 euros (só soci@s) |
| Cota filme colaborador@: | 5 euros |
| PARAD@S, con carné: | 4 euros |